



# BOP

LUNS, 11 DE DECEMBRO DE 2023

N.º 282

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

##### *Anuncio*

Acordo do 28 de novembro de 2023 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Pantón (expediente IN407A 2022/300-2).

Con data 12 de setembro de 2023, a Xefatura Territorial de Lugo ditou resolución pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións previas e de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica denominada "adequación CT SERODE- 27C008 (Pantón)" no concello de Pantón.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo ao presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Pántón, deducida da que se someteu a información pública no diario "La Voz de Galicia" do 28 de setembro de 2023 e no Diario Oficial de Galicia do 04 de outubro de 2023, para que comparezan o día 14 de febreiro de 2023 no concello da Pantón sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Pantón estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 28 de novembro de 2023.- O xefe territorial, P.a. (artigo 41.3 Decreto 116/2022, do 23 de xuño), O xefe do Servizo de Industria, Juan Carlos Morán del Pozo.

#### ANEXO I

Relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de adecuación CT SERODE-27C008 (Pantón)

Concello: Pantón

Expediente: IN407A2022/300-2

Finca	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Apoio n <sup>a</sup>	Sup.(m <sup>2</sup> )
1	54	129	Balado	Prado	Hdros. De Josefina Ramona López Mosquera e Ofelia López Mosquera	1975-01-13	2.0

R. 3816

**CONCELLOS****CARBALLEDO***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2023 aprobouse o padrón fiscal do servizo de abastecemento, saneamento e depuración de augas do Concello de Carballedo correspondente ó terceiro trimestre do exercicio 2023.

O importe total do padrón ascende a DEZASEIS MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E CORENTA E CINCO CÉNTIMOS (16.872,45 €), sendo o período voluntario de cobro **dende o día 07 de decembro de 2023 ao 07 de febreiro de 2024** ámbolos dous inclusive de conformidade co previsto nos arts.12 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 62.3 da Lei xeral tributaria.

O resumo do padrón é o seguinte:

CONCEPTO: Taxa polo abastecemento e saneamento de augas.

PERIODO. 3º trimestre 2023.

NÚMERO DE PÁXINAS: 40

NÚMERO DE RECIBOS: 617

PRIMEIRO SUXETO PASIVO: LÓPEZ NAVAL, HERMINIO

ULTIMO SUXEITO PASIVO: COUSO GONZÁLEZ, JOSÉ

**IMPORTE TOTAL: Auga 12.162,20 €; IVE: 1.216,22 €; Canon Xunta Cota fixa: 1.479,30 €; Canon Xunta Cota Variable: 2.014,73 €. Total importe padrón: 16.872,45 €.**

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal dito padrón estará á disposición dos interesados no concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante o Alcalde-Presidente no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real DecretoLexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

Carballedo, 01 de decembro de 2023.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3828

**COSPEITO***Anuncio***EXPOSICIÓN AO PÚBLICO DO CALENDARIO FISCAL DO EXERCICIO 2024 DO CONCELLO DE COSPEITO (LUGO)**

A Alcaldía - Presidencia do Concello de Cospeito (Lugo) ditou Resolución núm. do 1 de decembro de 2023 cuxo contido literal é o seguinte para público coñecemento:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

*Considerando que a Base 58ª das Bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023 establece literalmente o seguinte:*

- “(…)1.- Os servizos económicos do Concello elaborarán os Padróns de taxas e prezos públicos de cobro periódico.
- 2.- Ao comezo do exercicio aprobarase e publicarase o calendario fiscal dos produtos de cobro periódico, facendo constar que a exposición pública dos padróns terá lugar durante os quince días anteriores ó inicio da súa cobranza.
- 3.- Así mesmo, publicaranse os anuncios de cobranza co contido e nos términos fixados polo artigo 24 do RD 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.(…)”

Considerando o establecido nas ordenanzas fiscais vixentes reguladoras das taxas e prezos públicos pola prestación de servizos municipais en relación co devengo e o período de cobro de liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo.

Vista a proposta de calendario fiscal formulada pola Tesourería Municipal, esta Alcaldía –Presidencia, en virtude do establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e no artigo 41.19 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o calendario fiscal do exercicio 2024, de acordo co seguinte detalle de conceptos tributarios e ingresos de dereito público, devengo e prazos de cobro en período voluntario:

**A) PRAZOS DE COBRO EN PERÍODO VOLUNTARIO:**

1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:

Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Taxas abastecemento de auga.	4º T 2023	22/02/2024	23/04/2024
Taxas servizo de sumidoiros	1º T 2024	29/04/2024	01/07/2024
Taxas servizo de recollida domiciliaria de lixo	2º T 2023	29/07/2024	30/09/2024
Canon autonómico de auga	3º T 2023	28/10/2024	30/12/2024
Taxas prestación do servizo de Axuda no Fogar	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas prestación do servizo da Gardería Infantil (1)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 10 do mesmo mes
Prezo público polo servizo das Escolas Deportivas (2)	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 5 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Concepto	devengo	Período voluntario de cobranza	
		Inicio	Remate
Prezo público polo servizo de préstamo de material ortoprotésico	Liquidacións mensuais por domiciliación bancaria	Do día 1 de cada mes	Ata o día 15 do mesmo mes
Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública	Liquidación anual por padróns	29/04/2024	01/07/2024
Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública	Liquidación anual por padróns	29/04/2023	01/07/2024

(1) No mes de vacacións estivais producirase a suspensión temporal da cota por peche das instalacións (artigo 6.a) da ordenanza Fiscal reguladora da taxa – BOP núm. 274/2008 do 27/11).

(2) Durante os meses de prestación do servizo.

**2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:**

Concepto	Período voluntario de ingreso	
	Inicio	Remate
Imposto sobre construcións, instalacións e obras	Notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes	Ata o día 20 do mes seguinte ao de notificación da liquidación
	Notificadas entre os días 16 e o último de cada mes	Ata o día 5 do segundo mes seguinte ao de notificación da liquidación

**B) MODALIDADES E LUGARES DE PAGO DOS TRIBUTOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO:**

**1. Liquidacións mediante padróns fiscais de contraído previo e ingreso por recibo:**

**I) Mediante domiciliación bancaria** comunicada ao Concello a través dos modelos oficiais establecidos ao efecto no servizo de recadación. Os cargos en conta corrente dos recibos domiciliados realizarase nos seguintes prazos:

i) Nas liquidacións dos padróns de taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, saneamento e recollida domiciliaria de lixo dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

ii) Nas taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil o último día do período de cobro de cada mes.

iii) No prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas o último día do período de cobro de cada mes.

iv) No prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico o último día do período de cobro de cada mes.

v) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

vi) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública dentro dos primeiros 30 días do inicio do período voluntario de ingreso.

**II) Mediante ingreso nas contas restrinxidas de recadación** das Entidades colaboradoras no servizo de recadación de tributos debidamente autorizadas por esta Entidade local (Santander, ABANCA e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, cando se trate dos seguintes conceptos tributarios non domiciliados:

i) Taxas pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, recollida domiciliaria de lixo e canon autonómico de auga.

**2. Liquidacións de contraído previo e ingreso directo:**

**I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais** abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito ( ABANCA e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público, dos seguintes conceptos tributarios e demais ingresos de dereito público:

i) Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

ii) Alta na prestación dos servizos de abastecemento de auga, sumidoiros, e recollida domiciliaria de lixo.

iii) Alta na prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil.

iv) Taxas pola prestación dos servizos de Axuda no Fogar e Gardería Infantil por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

v) Prezo público pola prestación do servizo de Escolas Deportivas, por liquidacións de contraído previo e ingreso domiciliados por recibo declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

vi) Prezo público pola prestación do servizo de préstamo de material ortoprotésico por liquidacións de contraído previo e ingreso por recibo domiciliados declaradas impagadas e que procede notificar como liquidacións de ingreso directo.

vii) Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública con caixeiros automáticos e outros elementos análogos adosados aos edificios e con acceso directo a vía pública.

vii) Taxa por aproveitamento especial da vía pública con entradas de vehículos e reserva de vía pública

### 3. Autoliquidacións:

**I) Mediante ingreso nas contas operativas municipais** abertas na Entidades financeiras que prestan servizo de caixa do Concello de Cospeito (ABANCA, Banco Santander e Caixa Rural Galega), de luns a venres en horario de atención ao público dos seguintes conceptos tributarios e ingresos de dereito público:

i) Autoliquidacións pola prestación do servizo de utilización de instalacións deportivas se culturais.

ii) Autoliquidacións pola prestación dos servizos de expedición de documentos administrativo e outros trámites administrativos municipais.

### C) Recargos aplicables sobre as débedas ingresadas fora de prazo:

Modalidade	Porcentaxe de recargo
Débedas ingresadas antes da notificación da providencia de constrinximento	Recargo executivo do 5 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e dentro do prazo concedido por ela	Recarga reducido do 10 %
Débedas ingresadas tras a notificación da providencia de constrinximento e foro do prazo concedido por ela	Recarga ordinario do 20 %

Advertese que transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo do devengar o recargo de prema, xuros de demora, e no seu caso, os gastos que se produzan.

**SEGUNDO.** Este calendario é susceptible de impugnación en vía contencioso –administrativa polos que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

**TERCEIRO.** Resérvase a esta Alcaldía a facultade de modificar o presente calendario, en todo aquilo que non veña imposto por disposicións legais ou regulamentarias, cando por motivos de índole técnica debidamente xustificadas, impida a xestión dos recursos económicos indicados nas datas sinaladas.

**CUARTO.** Dar conta da presente resolución a Tesourería e Intervención Municipal e ó Pleno da Corporación na primeira Sesión Ordinaria que éste celebre, en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Armando Castosa Alvaríño, 1 de decembro de 2023, do que eu como Secretaria dou fe.”

R. 3829

FRIOL

Anuncio

## APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE OUTUBRO DE 2023

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13 de novembro de 2023, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de OUTUBRO de 2023 por un importe total de 6.332,48 Euros.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poda ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. No entanto, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Inícase así mesmo o procedemento de recadación, séndolles adebedados os correspondentes recibos no respectivo número de conta bancaria

Friol, 4 de decembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 3830

## GUITIRIZ

### *Anuncio*

#### **Oferta Emprego Público 2023 do Concello de Guitiriz**

Por resolución de alcaldía de data 23/11/2023 ditouse o seguinte acordo en relación á Oferta de Emprego Público do ano 2023 do Concello de Guitiriz:

Aprobar a Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2023 que contén os seguintes postos de traballo de persoal que deberá convocarse no prazo máximo de 3 anos:

Oferta ordinaria:

#### **PERSONAL LABORAL FIXO:**

DENOMINACIÓN	Nº VACANTES	Acceso	Sistema selección
Auxiliar de axuda no fogar, ficha Nº 29	2	Libre	Concurso-oposición

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao da publicación ante o mesmo órgano que a ditou conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da publicación de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Guitiriz, 3 de Decembro de 2023.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3831

## MONTERROSO

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA**

Aprobada inicialmente polo Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o pasado 30 de novembro de 2023, a modificación do Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil do Concello de Monterroso, expónse ao público polo prazo de trinta días hábiles contados a partir do seguinte día ao da publicación deste anuncio, dentro do cal os interesados poderán presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións ou suxestións entenderase definitivo o acordo provisional, procedéndose á publicación íntegra do devandito regulamento.

Monterroso, 4 de decembro de 2023.- O Alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 3832

## LÁNCARA

### *Anuncio*

Información pública de alteración cualificación xurídica de ben de dominio público

O Pleno do concello en sesión ordinaria realizada o día 30 de novembro de 2023 aprobou inicialmente a alteración da cualificación xurídica de 688 metros cadrados, camiño de referencia catastral 27026A01009113, en Armea de Arriba (Láncara), cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial coa declaración de parcela sobrante.

O expediente sométese a información pública por prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://lancara.sedelectronica.gal>.

No devandito prazo as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de non presentarse, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Láncara, 1 de decembro 2023.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 3833

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 30/11/2023 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida domiciliar de residuos domésticos, comerciais e industriais.

O referido acordo expónse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita modificación da ordenanza.

Láncara, 4 de decembro de 2023.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 3834

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno deste Concello en sesión ordinaria realizada o día 30/11/2023 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 5 reguladora da taxa pola prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas e colocación e utilización de contadores.

O referido acordo expónse ó público polo prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación deste edicto no BOP, ós efectos de que os interesados poidan presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, procedéndose á publicación íntegra da devandita modificación da ordenanza.

Láncara, 4 de decembro de 2023.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 3835

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 22 de novembro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo 11/871 **CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABALLO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE ADMINISTRATIVOS/AS**, polo que **ACORDA** convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para administrativos/as que se rexerá polas bases aprobadas polo acordo 17/17 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 13-1-2021 e modificadas por acordo 9/302 da Xunta de Goberno Local do 1-6-2022:

## 1.- OBXECTO DESTE CONCURSO

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os empregados/as públicos/as do Concello de Lugo, con praza en propiedade, excepto aqueles que ocupen un posto con carácter definitivo se non transcorreran dous anos dende a súa provisión. No suposto do persoal funcionario de novo ingreso é requisito necesario para poder participar neste concurso, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O/a empregado/a público/a que estea en adscrición provisional está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos pola orde de prioridade que estableza na solicitude de participación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

## 2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria coa prelación de postos dirixiranse á Excm. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante un prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada un/ha dos/as empregados/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando a tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

## 3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente á escala, subescala e grupo establecida no anexo.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar, sen ter transcorrido o prazo legal obrigatorio de permanencia de dous anos.

## 4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

**4.1.- Antigüidade:** valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

**4.2.- Grao persoal consolidado:** valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

**4.3.- Traballo desempeñado:** valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos



- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos/ás funcionarios/as en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

**4.4.- Permanencia no posto de traballo:** valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

**4.5.- Méritos académicos:** valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

**4.6.- Coñecemento da lingua galega:** valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

**4.7.- Outras titulacións:** valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 punto
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

**4.8.- Conciliación da vida persoal e familiar:** valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial

- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario/a de carreira e na subescala na que se concursa

Cuarto.- Sorteio público.

#### **5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN**

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha comisión de valoración composta por:

Presidente/a: don Manuel Vázquez Fernández, interventor municipal.

- Suplente: Natalia Framil Rego, xefa de servizo de Xestión Económico-Financiera.

Vogais:

Dona María Carmen Rozas Bello, xefa de sección do Órgano de Orzamentación e Contabilidade.

Suplente: dona Lucía Arrojo Reguera, educadora social do Concello de Lugo.

Dona Marta Jesús Otero López, directora da EIM Gregorio Sanz.

Suplente: dona María del Carmen Flores Ferreiro, traballadora social do Concello de Lugo.

Don Juan Ignacio Márquez Gacio, técnico de administración xeral do Servizo de Facenda Local

Suplente: Valentín López Aira, xefe de servizo do Servizo de Igualdade.

Secretaría:

- D. Rafael del Barrio Berbel, secretario xeral do Pleno do Excmo. Concello de Lugo.

- Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

#### **6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN**

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporáselle ao público no Taboleiro de Anuncios nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederáse un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

#### **7.- TOMA DE POSESIÓN**

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicárase a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

#### **8.- RECURSOS**

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

#### **9.- PUBLICACIÓN**

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Portal de Transparencia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

## ANEXO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	SUBESCALA	FP	GRUPO	C.D
0201/20	Administrativo/a de notificadores	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
21/20	Administrativo/a de Planeamento	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
31/20	Administrativo/a Enxeñería	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
3103/20	Administrativo/a Electromecánico	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
43/20	Administrativo/a Educación	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
51/20	Administrativo/a de Turismo	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
61/20/1	Administrativo/a Intervención Xeral	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
61/20/2	Administrativo/a Intervención Xeral	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19
64/20	Administrativo/a Org. Orzamentación e Contab.	A.X.	ADMTVA.	C	C1	19

Lugo, 4 de decembro de 2023.- O Concelleiro Delegado de Economía e Recursos Humanos, Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 3836

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XOVE

#### Anuncio

**EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2023-1492 DE 4 DE DICIEMBRE DE 2023 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DAS AXUDAS A EXPLOTACIÓN GANDEIRAS DE GANDO VACÚN DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2024**

BDNS (Identif.): 731143

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/731143>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b y 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/731143>):

#### Primeiro. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E.A. 27025....)

#### Segundo. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de axudas para compensar ós titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da reses correspondente ao exercicio de 2024.

#### Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/>

#### Cuarto. Contía

A contía prevista para esta actuación na presente convocatoria é 15.000,00 euros con cargo á aplicación 412.479 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal. A presente convocatoria suxéitase ao réxime de

tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Subordínase polo tanto a autorización do gasto ao crédito para o exercicio no que se autorice no orzamento 202.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación, e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

IDADE	AXUDA €
Menos de 1 mes	120
Entre 1 e 6 meses	200
Entre 6 e 9 meses	300
Entre 9 meses e 2 anos	400
Entre 2 e 4 anos	500
Entre 4 e 7 anos	400
Entre 7 e 10 anos	300
Entre 10 e 14 anos	200
Máis de 14 anos	0

#### **Quinto. Requisitos dos solicitantes e do gando obxecto da axuda**

Toda explotación gandeira deberá estar rexistrada no censo municipal que a tal efecto elaborará a Concellalía de Agricultura, Gandeiría e Monte.

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do Concello de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

Para poder disfrutar da axuda o gando deberá dispor da carta de saneamento, excepto as reses que nazan ou se compren entre campañas de saneamento. Neste caso, se o xato está chapeado esixirase que estea anotado no Libro de Explotación do titular.

Asímemo, para ter dereito á subvención no que atinxe a gando comprado, deberá ter una estadía mínima de dous meses na explotación do solicitante, tanto se trate das reses como das súas futuras crías.

#### **Sexto. Prazo de presentación das solicitudes**

Data límite de presentación de solicitudes:

O prazo establecido para a presentación de solicitudes será todo o exercicio 2021. As solicitudes deberán presentarse antes de que transcurran 2 meses dende a data da morte do animal obxecto de axuda.

Documentación a presentar: impreso oficial completo acompañado da documentación esixida nas bases reguladoras da presente convocatoria.

Lugar de presentación: Sede electrónica do Concello de Xove [www.xove.es](http://www.xove.es), ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do Concello de Xove. Camiño Real, s/n; 27880, Xove (Lugo)

Asímemo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

XOVE, 4 de decembro de 2023.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3838